

4º E.S.O. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN Da MATERIA DE INGLÉS

Levarase a cabo un sistema de **avaliación continua**, é dicir, a **cualificación final ordinaria** basearase no resultado obtido polo alumno nas tres avaliacións asignando a cada unha delas, unha porcentaxe diferente que será a seguinte:

-Primeira avaliación: 15%

-Segunda avaliación: 25%

-Terceira avaliación: 60%

A porcentaxe se incrementa da primeira á terceira avaliación xa que, tendo en conta que tratase dunha materia de contido progresivo, os diferentes contidos acumularanse dunha proba á seguinte e dun trimestre ao outro sendo o terceiro aquel no que se avaliarán un maior número de contados.

Para o **cálculo das notas** terase en conta as seguintes **porcentaxes**:

Comprensión e expresión oral (<i>Listening & Speaking</i>)	20%
Comprensión e expresión escrita (<i>Reading: 10% & Writing:20%</i>)	30%
Coñecementos lingüísticos (<i>Grammar & Vocabulary</i>)	40%
Traballo diario	10%

LIBRO DE LECTURA

Os alumnos poden obter ata 0.5 puntos extra en cada avaliación facendo un traballo logo de ler, de xeito voluntario, un LIBRO DE LECTURA.

De este modo, poténciase a lectura extensiva por parte do alumnado. O alumno selecciona un libro, preferentemente da biblioteca do centro, acorde ó seu nivel e realiza un traballo escrito seguindo as pautas indicadas polo profesor. Na **avaliación ordinaria, a lectura de libros** e posterior realización de traballos sobre os mesmos, incrementa a nota dos alumnos desta maneira: Se un alumno leu un libro durante o curso, engadirase 0.15 puntos á cualificación obtida, se leu dous libros engadiráanse 0.3 puntos á súa nota e 0.5 puntos se leu tres libros.

Procedemento de recuperación da 1ª e 2ª avaliación:

Os contidos da materia teñen carácter progresivo e acumulativo, polo tanto **se un alumno suspende unha avaliación poderá recuperala na seguinte.**

•Procedemento de recuperación da 3ª avaliación:

O alumnado que suspenda a terceira avaliación terá que facer a **proba de recuperación na avaliación ordinaria.** Esta proba terá un **valor de 100% e constará de tres partes:**

- a. **Grammar + Vocabulary: 60%**
- b. **Reading: 20%**
- c. **Writing:20%**

•O alumno aprobará a materia Lingua Estranxeira (Inglés) 4º ESO se alcanza a puntuación de 5,00 puntos na avaliación ordinaria.

PUNTUALIZACIÓNS:

- Os alumnos que se incorporan a este centro educativo unha vez iniciado o curso e que non poidan aportar cualificacións da 1ª ou da 1ª e 2ª avalacións, serán avaliados, únicamente, seguindo o criterio de avaliación continúa.
- Se algún alumno ten que facer seguimento das clases a través de medios telemáticos, intentarase que asista a realizar as probas de examen ó centro.
- Se durante as probas escritas o alumno é sorprendido copiando, o profesor considerará a proba suspensa con 0 puntos, puntuación que se terá en conta a todos os efectos na nota de avaliación.